

# Estudios sobre a situación sociolingüística da lingua galega (1990-2002)

por Anxo M. Lorenzo Suárez

## Resumo

Expoñemos neste traballo o conxunto de estudos máis relevantes sobre a situación sociolingüística da lingua galega realizados e/ou publicados desde 1990 ata o 2003, promovidos desde as institucións públicas galegas: a Xunta de Galicia, as administracións locais, universidades, e outras institucións, como é o caso do Consello da Cultura Galega. Centraremos a exposición nos traballos existentes en sete áreas: estudos xerais, política lingüística, administración, ensino non universitario, ensino universitario, medios de comunicación, e outros ámbitos (empresa, publicidade e igrexa).

## Sumario

1. Introducción
2. Estudos xerais
3. Política lingüística
4. Administración
5. Ensino non universitario
6. Ensino universitario
7. Medios de comunicación
8. Outros ámbitos: empresa, publicidade e igrexa
9. Remate
10. Referencias bibliográficas

## 1. Introducción

O obxecto deste traballo é presentar os estudos, informes e investigacións máis relevantes sobre a situación sociolingüística da lingua galega realizados –e/ou publicados– no período temporal que abrangue desde 1990 ata 2003. Centraremos exclusivamente naqueles materiais sociolingüísticos promovidos e/ou publicados desde institucións públicas galegas, como a Xunta de Galicia, as administracións locais, as universidades, e o Consello da Cultura Galega.

Dividimos a exposición en sete seccións: estudos xerais, política lingüística, administración, ensino non universitario, ensino universitario, medios de comunicación e outros ámbitos: empresa, publicidade e igrexa.

## 2. Estudos xerais

O estudo xeral máis relevante, desde a vertente dos estudos macrosociais, sobre a situación sociolingüística de Galicia é ata o momento actual o *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (MSG). Non os deteremos nas súas características nin no seu contido porque xa foi comentado e valorado nesta publicación (citar referencia aquí). Tampouco consideraremos as investigacións xerais que incluíron a situación sociolingüística do galego como un obxecto ou caso de estudo máis nun marco máis xeral (por exemplo, o estudo *Euromosaic* –cf. Nelde, Williams & Strubell (1996)– ou os traballos do Centro de Investigacións Sociolóxicas –cf. CIS (1994) e (1999).

O Instituto Galego de Estatística publicou en 1992 os resultados das preguntas lingüísticas sobre o coñecemento e o uso do idioma galego incluídas no censo de poboación e vivendas de 1991 (cf. Instituto Galego de Estatística, 1992). A presentación dos datos realizouse en catro volumes –un por cada provincia– e neles recóllense as informacións sobre o coñecemento e uso da lingua galega segundo a idade, estudos en curso, estudos realizados, actividade, ocupación, etc., así como as táboas en que se mostra a tabulación cruzada entre coñecemento e uso do galego. Toda esta información está individualizada por provincia e por concello.

Aínda que os datos se mostran en bruto –non se presentan porcentaxes– e aínda que só se ofrecen os resultados globais sen ningún tipo de descrición ou de interpretación, tales cifras globais parecen suxerir unha importante coincidencia cos resultados e tendencias recollidas no *Mapa Sociolingüístico de Galicia*.

A utilidade deste traballo é ben evidente: dispoñemos dunha información sociolingüística relevante para cada concello, cruzada coas variables independentes principais. Hai, sen embargo, certos aspectos que limitan a súa utilidade: son poucos os indicadores sociolingüísticos incluídos no cuestionario de partida, non hai porcentaxes, poucas son as variables independentes consideradas, e os resultados parciais ou totais non están interpretados.

Respecto da súa difusión e explotación, cómpre recoñecer que ambas foron escasas e que só en casos moi concretos serviu de fonte de información para tarefas, por exemplo, de planificación lingüística. Coidamos que a coincidencia temporal entre a publicación deste estudo e o comezo da edición dos volumes do MSG provocou que os resultados do IGE-1992 quedasen nun segundo plano.

### 3. Política lingüística

No ámbito da política lingüística en Galicia enmárcase a realización do informe *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*, promovido e coordinado pola Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega<sup>1</sup>. O obxectivo deste informe é triple: a) coñecer con maior profundidade os usos públicos da lingua galega; b) presentar unha avaliación do impacto das iniciativas lingüísticas por parte da administración autonómica; e c) elaborar recomendacións para mellorar a política lingüística en Galicia. Deste estudo, que vai contar inicialmente con catro volumes, imos comentar aquí os dous primeiros –un que xa foi publicado e outro que se atopa no prelo. Os outros dous volumes, previstos para a publicación durante o ano 2003, son: administracións públicas, e planificación do corpus.

O primeiro volume (cf. Cidadanía-Rede de Aplicacións Sociais, 2003) está centrado na análise das políticas lingüísticas públicas desenvolvidas en Galicia desde 1980. O seu obxecto principal do estudio céntrase na compilación e análise da produción normativa, das iniciativas parlamentarias e dos discursos e ideoloxías glotopolíticas, así como nunha revisión detallada da evolución dos orzamentos destinados á planificación da lingua galega nese período temporal. A metodoloxía empregada baseouse nas técnicas habituais do traballo documental e na aplicación de técnicas cualitativas. Concretamente, levouse a cabo unha aplicación da técnica Delphi a un grupo de testemuñas-clave.

O segundo volume (cf. Bouzada, Fernández Paz & Lorenzo, 2003) ten como universo a educación infantil e primaria<sup>2</sup>. Os obxectivos deste traballo foron os seguintes: a) a consecución dun diagnóstico rigoroso sobre a situación actual do galego nos centros de ensino e nas transmisións educativas; b) a análise das tendencias sociolingüísticas máis relevantes que contextualizaron as prácticas lingüísticas escolares no período 1980-2000; e c) a análise das ideoloxías e opinións dos sectores que forman a comunidade escolar ante o proceso de normalización lingüística.

---

<sup>1</sup> O Consello da Cultura Galega (<http://www.consellodacultura.org>) é un organismo consultivo e asesor dos poderes públicos galegos, respecto dos cales goza de plena autonomía. Nel están representados os diferentes sectores e institucións da cultura de Galicia. Unha das funcións do CCG é realizar informes e propostas sobre a defensa e protección dos valores culturais galegos.

<sup>2</sup> Non se contemplou o ensino secundario tendo en conta que a Xunta de Galicia elaborara xa un estudio universal sobre este tramo educativo (cf. DXPL, 1998). E tampouco se incluíu o sector universitario dada a existencia de estudos sociolingüísticos moi completos nas universidades de Santiago de Compostela (cf. Rodríguez Neira, 1998) e de Vigo (cf. Lorenzo et al., 1997).

Con respecto á metodoloxía, a investigación foi organizada en dúas partes. En primeiro lugar, desenvolveuse unha investigación macrosocial, mediante a utilización de indicadores cuantitativos, a partir dunha mostra significativa de colexios estratificada por tipo de centro (privado/público) e por provincia (en total: 201 centros). Con esa finalidade deseñáronse tres cuestionarios: un para os equipos directivos dos centros (con 41 preguntas); outro específico para o equipo de normalización lingüística de cada centro (con 53 preguntas); e unha ficha avaliativa de observación (con 48 ítems). En segundo lugar, desenvolveuse un estudo de casos, baseado en indicadores cualitativos, a partir dunha tipoloxía de centros con características de maior e menor nivel de galeguización e segundo o tipo de zona (urbano/non urbano) e o tipo de centro (público/privado).

Tendo en conta que o primeiro volume foi publicado en marzo de 2003 e que o segundo verá a luz en abril de 2003, o impacto destas dúas publicacións está aínda por determinar. Pero, en calquera caso, trátase da primeira avaliación sistemática do proceso de normalización contemporánea do idioma galego, e polo tanto a incidencia social dos seus resultados ha ser importante.

#### 4. Administración

Non abundan os estudos e informes centrados na situación sociolingüística das diferentes administracións públicas de Galicia. Comentaremos, en primeiro lugar, algúns traballos publicados polo Consello da Cultura Galega, e, en segundo lugar, mostraremos os estudos que se realizaron no ámbito da administración local.

Bouzada & Lorenzo (1997), nunha investigación sobre o futuro da lingua galega publicada polo Consello da Cultura Galega, dedicanlle unha parte ó estudo da xestión da normalización da lingua galega desde e nas administracións públicas galegas. O obxectivo xeral desta investigación foi o de presentar unha reflexión, apoiada na análise empírica da realidade sociolingüística de Galicia, sobre os límites e as potencialidades dos procesos normalizadores da lingua galega nos contextos locais e no mundo do traballo (a parte correspondente ó ámbito do traballo comentáramola posteriormente na sección 8).

Empregouse unha metodoloxía de investigación flexible e variada. Seleccionouse unha mostra representativa de todos os actores sociais implicados nos ámbitos locais coma nos ámbitos socio-económicos e confeccionouse un guiión de entrevista amplo e diversificado, con cuestións abertas e pechadas, sobre a situación da lingua e sobre as tendencias na promoción e na evolución dos usos lingüísticos.

Con respecto ó contido, levouse a cabo, en primeiro lugar, un estado da cuestión sobre os procesos de normalización nos ámbitos locais desde distintas perspectivas: a administración autonómica, a sociedade civil e as entidades locais, dedicándolle un espazo importante á descrición da situación actual e ó debate sobre a xestión normalizadora nas entidades locais (avaliación do estado actual e das perspectivas de futuro dos técnicos normalizadores e dos servizos lingüísticos municipais e locais).

En segundo lugar, presentouse unha exposición das opinións, actitudes e realidades sobre a extensión da lingua galega nos ámbitos locais de Galicia a partir das interpretacións e argumentacións das distintas partes implicadas (administracións públicas, políticos, actores sociais, líderes de opinión, técnicos de normalización lingüística, etc.), co obxectivo de obter unha radiografía das limitacións e retos ós que se están a enfrontar todos aqueles que interveñen na promoción da lingua nos contextos locais e comunitarios.

En terceiro lugar, presentouse a análise dun caso de estudio particular: a experiencia normalizadora no concello pontevedrés de Moaña. Finalmente, no derradeiro apartado da investigación desenvolveuse un esquema explicativo cos puntos fortes e febles da xestión normalizadora no nivel local e comunitario.

Seguindo no ámbito estritamente local, e aínda que non se levou a cabo unha descrición sociolingüística exhaustiva dos concellos galegos (véxase, en todo caso, na sección 2. Estudos xerais, a referencia ós datos do Instituto Galego de Estatística, 1992), si se desenvolveron algúns traballos que cómpre comentar aquí, sendo os máis salientables os que tiveron como obxecto de estudio a cidade de Santiago de Compostela e a cidade de Vigo.

No caso da cidade de Santiago de Compostela (provincia da Coruña), o estudio da situación da lingua galega (cf. Cidadanía–Rede de Aplicacións Sociais, 2001) foi concibido co obxectivo de identificar os factores máis relevantes que inciden nos usos sociais da lingua galega, cunha finalidade aplicada: establecer os obxectivos e as liñas estratéxicas dun plan de actuación normalizador no ámbito do concello santiagués. Polo tanto, este estudio xorde como un documento de coñecemento da realidade e do contexto sociolingüístico santiagués de cara ó desenvolvemento dunha planificación lingüística axeitada a esa situación de partida.

O traballo estruturouse en dúas partes. En primeiro lugar, presentouse unha explotación dos datos do MSG na cidade de Santiago de Compostela (mostra de 1.153 enquisas). Complementariamente, deseñáronse diversos mapas do concello en función de distintas variables sociolingüísticas relevantes, que permiten observar comparativamente as características sociolingüísticas máis sobranceiras do tecido urbano e periurbano da cidade.

En segundo lugar, coa intención de desenvolver un estudio de carácter participativo, deseñouse unha análise cualitativa en que foron implicados actores e axentes sociais que, xunto cos membros do equipo investigador, foron construíndo unha avaliación cualitativa por sectores mediante a técnica DAFO, complementado con entrevistas en profundidade a representantes cualificados de distintos sectores e ámbitos sociais municipais (políticos, medios de comunicación, sector laboral, ensino, etc.).

O resultado deste traballo é un informe que presenta o perfil sociolingüístico do concello, unha análise DAFO xeral e outra específica para sete ámbitos sociais (empresas, relacións laborais, ensino non universitario, universidade, informática, medios de comunicación e igrexa), unha avaliación do labor do servizo lingüístico municipal, e un conxunto de recomendacións finais do equipo redactor de cara ó deseño específico do plan municipal de normalización lingüística, que finalmente foi aprobado polo concello de Santiago de Compostela en 2002.

No caso da cidade de Vigo (provincia de Pontevedra), nos anos 1997 e 2002 realizáronse dous traballos de investigación sobre a situación sociolingüística da lingua galega (cf. Vaamonde et al., 1998; 2003, no prelo). Ámbolos dous estudos baseáronse nunha investigación cuantitativa mediante un cuestionario que foi pasado a unha mostra estratificada da poboación residente en Vigo. O cuestionario de 1997 tiña 35 preguntas sobre os aspectos habituais de lingua inicial, competencia lingüística, lingua habitual, frecuencia de uso da lingua galega e usos lingüísticos, e actitudes e opinións. O cuestionario de 2002 continúa 37 preguntas e nel, ademais dos aspectos xa incluídos no estudio de 1997, se formularon cuestións centradas na avaliación das actividades do servizo lingüístico municipal.

Os resultados de ámbolos traballos, no tocante ós principais indicadores sociolingüísticos, son moi semellantes, de maneira que non parece que este período temporal de cinco anos fose abondo para consolidar cambios sociolingüísticos na sociedade viguesa que poidan ser detectados mediante unha investigación macrosocial e cuantitativa.

Finalmente, debemos mencionar outro traballo que o Consello da Cultura Galega promoveu a través do Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística: a realización dunha avaliación externa e de xestión da calidade dos servizos de normalización lingüística, centrándose nun servizo lingüístico comarcal (cf. Fente, 2000) e nun servizo vinculado co ámbito empresarial (cf. Lorenzo, 2000). Os resultados da avaliación foron presentados en 1999 nos encontros para a normalización lingüística que anualmente organiza o Consello da Cultura Galega.

Na avaliación do servizo lingüístico comarcal presentouse unha serie de conclusións relativas ó deseño organizativo do servizo, ás actividades e resultados, así como ó grao de satisfacción dos seus usuarios/as. Este proceso de avaliación externa, totalmente novidoso no ámbito da xestión normalizadora en Galicia, non parece que servise para cambiar significativamente a organización e desenvolvemento das actividades dos servizos lingüísticos e do labor dos técnicos de normalización lingüística.

## 5. Ensino non universitario

O sector do ensino non universitario foi obxecto de distintos traballos de investigación, centrados principalmente na obtención de datos e de información sobre a presenza do galego na comunidade educativa e, máis concretamente, sobre o cumprimento dos

obxectivos relativos ó ensino fixados na *Lei de Normalización Lingüística* aprobada en 1993. Mostraremos a continuación, e de xeito cronolóxico, os máis relevantes.

A Xunta de Galicia publicou a principios da década dos noventa un traballo sobre a situación da lingua galega nos ciclos da educación xeral básica e da educación primaria (cf. Rubal, 1991). Tal traballo, resultado dunha investigación elaborada por un equipo do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela, tiña como finalidade comprobar se o obxectivo central referido ó ensino da *Lei de Normalización Lingüística* –onde se especifica que o sistema educativo debe garantir a adquisición por parte do alumnado dunha competencia semellante nas dúas linguas oficiais– se estaba ou non a cumprir.

Os datos obtivéronse tendo como informadores o profesorado e os equipos directivos dos centros de preescolar e de EXB. Enviáronse por correo a todo o profesorado tres tipos de cuestionarios para seren contestados de xeito anónimo. Con eles pretendíase obter información sobre a competencia e os usos lingüísticos do alumnado, a competencia e os usos lingüísticos do profesorado –así como as súas actitudes ante o proceso normalizador–, e o grao de utilización do galego e do castelán como linguas vehiculares no ensino. Para contrastar a validez destas respostas, comparáronse cos datos obtidos directamente polo equipo investigador nunha mostra de 36 centros distribuídos en 12 comarcas, mantendo a proporcionalidade que foi aplicada ó conxunto.

As conclusións foron moi claras: a situación do galego no ensino naquel momento atopábase a expensas das iniciativas individuais, de maneira de non se introduciren maiores doses de planificación e de implicación por parte das institucións, non se producirán avances significativos.

Con respecto á súa difusión e impacto, os resultados eran realmente preocupantes para o cumprimento efectivo dos obxectivos lingüísticos da *Lei de Normalización Lingüística* no ámbito do ensino non universitario. Se, pouco tempo despois, no ano 1995, a Xunta de Galicia modificou substancialmente o réxime lingüístico do ensino non universitario (mediante o Decreto 247/1995), tal modificación non foi allea seguramente ós datos tan alarmantes que se observaban en traballos de investigación como o que acabamos de indicar.

Durante o curso académico 1997-98, a Dirección Xeral de Política Lingüística levou a cabo un estudio estatístico sobre o uso da lingua galega en todos os centros de ensino non universitario de Galicia, tanto no ámbito administrativo coma no docente. Foi un estudio exhaustivo, que abrangueu todos os centros públicos e privados de Galicia, e que permitiu obter información sobre a práctica totalidade dos colexios e tamén sobre cada unha das aulas existentes neles (cf. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1998).

A diferenza do estudio anterior, non se deseñou unha mostraxe representativa senón que se optou por un estudio feito sobre a totalidade dos centros escolares de ensino non universitario de Galicia. Utilizouse un cuestionario específico para cada un dos ciclos e etapas: educación infantil, educación primaria (1º ciclo), educación primaria (2º e 3º ciclo), educación secundaria obrigatoria, BUP e COU, e formación profesional. Esta división obedecía á establecida no Decreto 247 de 1995 que regula o uso das linguas no ensino, xa que un obxectivo fundamental do estudio era coñecer o seu grao de cumprimento. Cada cuestionario incluía tres tipos de impresos: un para ser cuberto pola dirección; outro, pola persoa responsable do ENL; e un terceiro para que o cubrise o profesor/a titor/a de cada unha das clases. Nos dous primeiros facíanse preguntas específicas sobre o centro no seu conxunto; no terceiro, as preguntas referíanse a cada unha das aulas en particular.

A difusión dos resultados deste traballo foi moi escasa, dado que nin sequera chegou a ser editado en forma de libro. Polo tanto, debemos supoñer que a explotación destes datos quedou exclusivamente nas mans do departamento da Xunta que o realizou.

No tocante ó caso específico da situación escolar do galego nas zonas galegófonas de fóra de Galicia –o denominado ‘galego exterior’, correspondente a aquelas zonas das provincias de Asturias, León, Zamora e Cáceres onde se fala galego–, dispoñemos do estudio auspiciado e publicado polo Consello da Cultura Galega a principios dos anos noventa (cf. Rubal Rodríguez, X., D. Veiga Martínez & N. Arza Arza, 1992). Ocúpase o estudio da competencia e uso do galego da poboación escolarizada e do profesorado nestes territorios galego-falantes pero nos que a lingua galega ten un recoñecemento legal insuficiente.

Para rematar co ámbito do ensino non universitario, é preciso lembrar que na sección 3 (Política lingüística) fixemos referencia ó segundo volume do informe do Consello da Cultura Galega titulado *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)* dedicado á educación. Este é ata o momento o traballo máis actualizado e en profundidade sobre a situación da lingua galega e do proceso de normalización lingüístico no ensino infantil e primario de Galicia.

## 6. Ensino universitario

Con respecto ó ensino universitario, publicáronse dúas investigacións propias nas universidades de Santiago de Compostela e de Vigo, respectivamente. No primeiro caso, elaborouse o estudo *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela* (cf. Rodríguez Neira, 1998). Baseouse nunha enquisa realizada no curso 1995-1996 nos tres colectivos universitarios: estudantes, profesorado e persoal de administración e servizos. Os datos recollidos neste traballo serviron posteriormente de base empírica para o deseño dunha parte importante do plan de normalización da USC (cf. <http://www.usc.es/~snlus/pnl.htm>), que foi aprobado finalmente polo Claustro da universidade en outubro de 2002.

No segundo caso, un equipo interdisciplinar levou a cabo en 1995 o informe sociolingüístico da Universidade de Vigo (cf. Lorenzo Suárez et al., 1997). O procedemento de análise tamén se baseou nunha enquisa ó profesorado, PAS e alumnado para coñecer cál era a situación da lingua galega. No caso do alumnado fíxose unha mostra estratificada e no caso de PAS e profesorado enviouse persoalmente o cuestionario que foi respondido polas persoas que así o estimaron oportuno. O contido da enquisa estivo centrada nos temas habituais neste tipo de investigacións cuantitativas. Dedicóuselle unha especial atención ós usos lingüísticos dos tres sectores dentro das funcións, tarefas e actividades propiamente universitarias, para coñecer con maior profundidade o nivel de utilización da lingua nas actividades propias da institución universitaria.

Os resultados puxeron de manifesto a presenza dunha poboación moi castellanizada, con excelente predisposición para o coñecemento e uso da lingua galega, pero con escasa utilización efectiva nas tarefas clave como a investigación ou a docencia. En cambio, o colectivo de PAS mostraba unha maior tendencia á utilización do galego na súa actividade ordinaria, sobre todo nas actividades escritas. Ata o momento actual esta información sociolingüística non foi utilizada para ningunha finalidade aplicada.

## 7. Medios de comunicación

Os informes e estudos sobre a lingua galega nos medios de comunicación son escasos. Con todo, debemos salientar a información sociolingüística que se conteñen nos sucesivos informes sobre a comunicación en Galicia que edita a Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega (cf. López García, 2000; 2002).

Esta mesma institución pública promoveu a realización dun informe sobre o perfil laboral e profesional dos traballadores dos medios de comunicación galegos (cf. Tuñez & López García, 1998), e nel incluíase unha descrición dos usos, destrezas lingüísticas e opinións dos profesionais respecto da lingua galega.

## 8. Outros ámbitos: empresa, publicidade e igrexa

Nesta sección incluímos aqueles traballos de investigación máis relevantes nos ámbitos da empresa, da publicidade e da igrexa en Galicia.

No mundo da empresa e dos negocios carecemos de estudos monográficos en profundidade, pero si temos información relevante e datos que proceden doutros traballos: por exemplo, Bouzada & Lorenzo (1997) e Ramallo & Rei-Doval (1997).

No estudo de Bouzada & Lorenzo (1997), xa comentado anteriormente (véxase a sección 4. Administración), dedícaselle unha parte importante do traballo á situación da lingua galega nos ámbitos laborais e empresariais. Para iso empregouse unha metodoloxía de investigación flexible e variada. Por unha banda, seleccionouse unha mostra representativa de todos os actores sociais implicados nos ámbitos socio-económicos e realizáronse entrevistas persoais a partir dun guiión aberto de temas

amplo e diversificado. E por outra banda, levouse a cabo unha enquisa en 118 empresas galegas co fin de obter unha valoración directa sobre un conxunto reducido pero estratéxico de indicadores sociolingüísticos.

Os resultados mostraron os factores que están detrás da escasa presenza da lingua galega neses sectores, derivada da febleza dos referentes de status e de prestixio social asociados coa lingua, ó tempo que se constataba a boa predisposición dos axentes sociais e do empresariado galego para asumiren paulatinamente o galego nas súas actividades comerciais ordinarias.

Tamén no ámbito específico do mundo empresarial, noutra investigación publicada polo Consello da Cultura Galega, Ramallo & Rei-Doval (1996) tiñan como obxecto de estudo os consumidores e os axentes empresariais, e neles analízase a reacción do público ante o posible aumento do uso do galego nas empresas e comercios e, complementariamente, analizábase a opinión dos comerciantes e empresarios, que serían os encargados de levar a cabo tal aumento de uso do galego.

Na primeira parte deste estudo considerábanse as actitudes dos consumidores ante a utilización do galego na publicidade, na etiquetaxe dos produtos, na rotulación dos comercios e nas relacións vendedor-cliente. Para este obxectivo utilizouse unha metodoloxía cuantitativa mediante o deseño dunha enquisa que foi sometida á consideración dunha mostra estratificada por idade e hábitat de residencia (1209 enquisas).

Na segunda parte recóllense as opinións dos interlocutores empresariais e comerciais, para o cal se seleccionou unha mostra estratéxica de 33 axentes sociais entre os que se recolleu a información pertinente mediante unha entrevista semidirixida.

As conclusións do traballo son elocuentes: fronte ás cautelas dos interlocutores empresariais respecto da galeguización das actividades económicas, comerciais e empresariais, cautelas centradas nas inercias do pasado, nos custos adicionais que iso supoñería, ou na suposta desconfianza dos clientes e usuarios ante un 'cambio lingüístico', as actitudes da poboación ante unha maior inclusión do galego nesas actividades son claramente positivas e favorables.

No ámbito específico da publicidade, o Consello da Cultura Galega tamén promoveu a realización e publicación dun estudo específico sobre a inserción do idioma galego (cf. Ramallo & Rei-Doval, 1996). Trátase dunha investigación sobre a situación da lingua galega no ámbito da comunicación comercial e na publicidade. Os obxectivos específicos procurados foron: a) conciencia sobre a adecuación da lingua galega para cumprir as funcións comunicativas; b) actitudes cara ó uso do galego nos medios publicitarios; c) vinculacións entre lingua galega e valores habitualmente utilizados pola publicidade (prestixio, confianza, status, etc.); d) actitudes cara á utilización do galego na rotulación, sinalética e etiquetaxe; e e) receptividade cara ó uso persoal do galego nas relacións comerciais cara a cara.

A metodoloxía empregada consistiu en deseñar un cuestionario de 46 preguntas para ser respondido por unha mostra representativa da poboación galega (1209 enquisas a partir dunha mostra estratificada segundo o tipo de hábitat: rural, villego e urbano).

As conclusións do traballo céntranse en comprobar a aceptación que ten o uso do galego tanto especificamente na comunicación publicitaria coma nas dinámicas comerciais en xeral. Estes datos cuestionan abertamente que o galego sexa considerado un instrumento inapropiado ou pouco útil para a publicidade ou para o mundo comercial. Ademais, para un sector crecente de cidadáns o uso do galego é considerado un estímulo de cara ó consumo ou adquisición de produtos. Tal como sinalan os autores do estudo (páx. 81), "é necesario reformula-la visión sobre o uso do galego no mundo da publicidade e da empresa; porque a capacidade de comunicación que na actualidade ten esta lingua lle confire un enorme valor comercial, ó vehicular con eficacia valores coma a calidade ou a fiabilidade".

No ámbito específico da relixión e a igrexa, o Consello da Cultura Galega tamén foi a institución promotora da realización dun informe sobre a receptividade da lingua galega na liturxia (cf. López Muñoz & García Cendán, 2000). O seu obxectivo foi o de coñecer as opinións dos cidadáns ante a hipótese da introducción do galego como vehículo ordinario da liturxia. Tendo en conta que os argumentos principais empregados polos responsables eclesiásticos galegos para frear o proceso de galeguización dos actos relixiosos é o de que o público o rexeitaría e o de que non se demandan actos relixiosos en galego, o contido deste traballo foi na dirección de afondar nas opinións dos individuos sobre estas cuestións.

Para comprobar esas hipóteses, deseñáronse dúas mostras. En primeiro lugar, unha mostra da poboación galega en xeral (1400 individuos) foi consultada mediante un cuestionario con preguntas relativas á lingua, ás crenzas relixiosas e á liturxia en galego. En segundo lugar, realizouse unha indagación selectiva en dez parroquias (tamaño da mostra: 400 entrevistas), cinco con liturxia en galego e cinco con liturxia en castelán, nas cales se pasou outro cuestionario pechado de cinco preguntas.

As conclusións do estudo céntranse en mostrar, por unha banda, a desaprobación xeneralizada da poboación ante a actitude da igrexa galega respecto do idioma galego. Por outra, constátase que existe unha opinión xeral moi favorable cara a unha maior introducción de liturxia en galego, destacando unha porcentaxe importante de cidadáns indiferentes, o cal reforza a idea de que un cambio lingüístico neste ámbito sería relativamente fácil de conseguir.

## 9. Remate

Unha avaliación dos traballos que presentamos aquí lévanos a concluír que o esforzo investigador promovido desde as institucións públicas galegas puido ser bastante máis intenso e regular do que foi. En consecuencia, faltan máis traballos sociolingüísticos xerais, que se realicen de forma periódica e regular, e botamos tamén de menos informes sectoriais coas mesmas características de periodicidade e de regularidade. Por todo isto, o coñecemento que posuímos das dinámicas sociolingüísticas da lingua galega é moi inferior ó que podemos considerar óptimo, tendo ademais presentes as capacidades de investigación das que dispoñemos no momento actual.

Con respecto ós estudos xerais, botamos de menos unha explotación sistemática –así como unha interpretación cualificada– da información sociolingüística contida no *Censo de poboación e vivenda* que se actualiza cada cinco anos. Do censo de 1996 non se coñecen os resultados lingüísticos e descoñecemos qué vai ocorrer cos resultados do ano 2001.

Finalmente, en sectores e ámbitos clave carecemos de información específica e actualizada: sectores laborais e empresariais, ámbitos e actividades vinculadas coas novas tecnoloxías e coa sociedade da información, entre outros.

## 10. Referencias bibliográficas

BOUZADA, X. & A. M. LORENZO. *O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 1997.

BOUZADA, X., A. FERNÁNDEZ PAZ & A. M. LORENZO. *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume II: educación*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 2003 (no prelo).

CIDADANÍA–REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS. *Estudio–Diagnóstico sobre a situación sociolingüística do concello de Santiago de Compostela*. Santiago: Concello, 2001.

CIDADANÍA–REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS (2003). *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume I: Política lingüística: análise e perspectivas*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 2003.

CIS [Centro de Investigaciones Sociológicas]. *Conocimiento y uso de las lenguas en España*. Madrid: CIS, 1994.

CIS [Centro de Investigaciones Sociológicas]. *Conocimiento y uso de las lenguas en España*. Madrid: CIS, 1999.

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA. *Estudio sobre o uso do idioma galego. Enquisa realizada ós centros de ensino de Galicia*. Santiago: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 1998 (manuscrito, 211 pp.).

FENTE, J. "Avaliación do servizo lingüístico comarcal de Bergantiños". En A.B. Domínguez & S. Mayo (eds.), *Actas dos II Encontros de Normalización Lingüística (28 e 29 de outubro de 1999)*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 2000, pp. 109-116.

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA. *Censos de poboación e vivendas 1991. Coñecemento e uso do idioma galego*. Santiago: IGE, 1992 (4 volumes).



LÓPEZ GARCÍA, X. (ed.). *A comunicación en Galicia 2000*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 2000.

LÓPEZ GARCÍA, X. (ed.). *A comunicación en Galicia 2002*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 2002.

LÓPEZ MUÑOZ, D. & B. GARCÍA CENDÁN. *Receptividade do galego na liturxia*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 2000.

LORENZO, A.M., R. LUACES, X.M. PIN, P. SÁNCHEZ, A. VAAMONDE & L. VARELA. *Estudio sociolingüístico da Universidade de Vigo. Estudiantes, PAS e profesores*. Vigo: Universidade, 1997.

LORENZO, M. "Avaliación externa do departamento de normalización lingüística da Confederación de Empresarios de Galicia". En A.B. Domínguez & S. Mayo (eds.), *Actas dos II Encontros de Normalización Lingüística (28 e 29 de outubro de 1999)*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 2000, pp. 117-128.

NELDE, P., G. WILLIAMS & M. STRUBELL. *Euromosaic. The production and reproduction of the minority language groups in the European Union*. Bruxelas: Comisión Europea, 1996.

RAMALLO, F. F. & G. REI-DOVAL. *Publicidade e lingua galega*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 1996.

RAMALLO, F. F. & G. REI-DOVAL. *Vender en galego*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 1997.

RODRÍGUEZ NEIRA, M. A. (coord.). *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela (resultado dun inquérito realizado no curso 1995-96)*. Santiago: Universidade, 1998.

RUBAL RODRÍGUEZ, X. *Aproximación á situación da lingua no ensino non universitario*. Santiago: Xunta de Galicia, 1991.

RUBAL RODRÍGUEZ, X., D. VEIGA MARTÍNEZ & N. ARZA ARZA. *A lingua do alumnado e profesorado nas franxas occidentais de Asturias, León e Zamora*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 1992.

TÚÑEZ, M. & X. LÓPEZ GARCÍA (coords.). *Condicións laborais e actitudes profesionais nos medios de comunicación*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 1998.

VAAMONDE, A. et al. *Estudio sociolingüístico sobre a situación da lingua galega no concello de Vigo*. Vigo: Concello de Vigo, 1998.

VAAMONDE, A. et al. *Estudio sociolingüístico sobre a situación da lingua galega no concello de Vigo*. Vigo: Concello de Vigo, 2003 (no prelo).

**Anxo M. Lorenzo Suárez**

Departamento de Filoloxía Galega e Latina  
Universidade de Vigo  
alorenzo@uvigo.es  
Teléfono: (+34) 986 812359